


TEMA 6.- AS ACTIVIDADES DO SECTOR TERCIARIO

Nome:

Traballo 2ª Avaliación



Presentación:

- O traballo pode ser **individual** ou por **parellas**.
- Pode facerse a **ordenador** nun documento de word ou a modo de presentación.
- As actividades deberían ir acompañadas de **ilustracións** relacionadas coa materia.

A.- O “SECTOR TERCIARIO” E AS SÚAS ACTIVIDADES

A.1.- Define “*Sector terciario*”.

A.2.- Fai un **esquema** para clasificar os diferentes **tipos de servizos**.

A.3.- Clasifica os seguintes servizos no subsector correspondente.

Asesoría xurídica, servizo doméstico, salón de peiteado, centro de saúde, xulgado, ferrocarril, restaurante, escola, axencia de seguros, servizo postal, investigador dunha empresa farmacéutica



A.4.- Fai un cadro-resumo que mostre a **diferente importancia do sector servizos** nos países desenvolvidos e pouco desenvolvidos.

A.5.- Fai unha **gráfica de barras** cos datos da táboa da páxina 171 “*A chega ao emprego*” e **contesta** ás preguntas da actividade 5 da páxina 171.

B.- OS TRANSPORTES

B.1.- Que é o *transporte*? Por que é un **sector estratéxico** para os Estados?

B.2.- Diferenza entre os seguintes conceptos: *transporte*, *sistema de transporte*, *medios de transporte* e *infraestrutura de transporte*.

B.3.- Que son as *redes de transporte*?

B.4.-Explica en que rexións son máis **densas** as redes de transporte e cales son os espazos da Terra máis **desconectados**.

B.5.- Fai un **cadro resumo** dos **sistemas de transporte** seguindo o modelo.



SISTEMAS DE TRANSPORTE	Utilízase para...	Vantaxes	Inconvenientes	Outras características
------------------------	-------------------	----------	----------------	------------------------



D.- O COMERCIO

D.1.- Que é o **comercio**? Cales son os **elementos** que interveñen no comercio?

D.2.- Indica os diferentes **tipos de mercado**.

D.3.- Comenta as características do comercio no **pasado** e na **actualidade**.

D.4.- Define **comercio interior**.

D.5.- Que **diferenza** hai entre o comercio “**por xunto**” e o comercio “**polo miúdo**”.

D.6.- Explica as características dos distintos **tipos de establecementos comerciais** dos que fai uso o comercio interior e busca **imaxes**.

D.7.- Define **comercio exterior**.

D.8.- Que é a **balanza de pagamentos**? Que tipo de **intercambios** rexistra? Cando é **excendentaria**? Cando é **deficitaria**?

